



Resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 25 de xuño de 2020 establece o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. A disposición adicional terceira da citada orde autoriza á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

En virtude da citada disposición e co fin de facilitar a incorporación do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2020/21 e a adaptación ás Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (DOG nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021,

DISPOÑO:

Punto único. Incorporación gradual do alumnado

1. O día 10 de setembro incorporárase o alumnado de 4º e 5º de educación infantil; 1º, 2º e 3º curso de educación primaria; e educación especial.
2. O día 11 de setembro incorporárase o alumnado de 6º de educación infantil e 4º, 5º e 6º curso de educación primaria.
3. O día 16 de setembro incorporárase o alumnado de 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria; 1º curso de bacharelato; 1º de formación profesional de grao medio e 1º de formación profesional de grao superior.
4. O día 17 de setembro incorporárase o alumnado de 3º de educación secundaria obrigatoria; 2º curso de bacharelato; 2º de formación profesional de grao medio e 2º de formación profesional de grao superior.
5. O día 18 de setembro incorporárase o alumnado de 4º de educación secundaria obrigatoria e de formación profesional básica.
6. O alumnado de ensinanzas profesionais artes plásticas e deseño e as deportivas incorporárase nas mesmas datas establecidas para o alumnado de formación profesional.
7. O alumnado das demais ensinanzas de réxime especial incorporárase a partir do 16 de setembro de acordo cos calendarios de probas de acceso e probas de certificación establecidas para cada unha delas.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

